

BABYLON

Damien Chazelle, 2022

1061

ESTREA EN NUMAX: 27.01.2023 | V.O.S.E. | +16 | 188 min

Ambientada n'Os Anxeles durante os anos 20, conta a historia de ambición e excesos desmesurados que recorre o ascenso e caída de múltiples personaxes durante unha época de desenfreada decadencia e depravacións nos albores de Hollywood.

«Unha das mellores e máis
singulares experiencias
cinematográficas do ano»

Ross Bonaime, COLLIDER



Entrevista con Damien Chazelle: «Hai unha brutalidade inexorable e violenta en Hollywood que existía na década dos vinte e segue existindo hoxe»

Por Gabriel Lerman

Cres que o que reflicte se parece á realidade dese período do cinema nas décadas do 20 e do 30? Si. Utilizamos a nosa investigación e anécdotas de cousas que ocorreron, historias que limos ou escoitamos que se contaban naqueles tempos. Iso foi parte da diversión e do desafío, pero á vez queríamos amosar algo que se achegara bastante ao que foi a realidade desa época. E a verdade é que todo foi moito máis desenfreado e esaxerado do que a maioría da xente pensa. Moitos teñen esta idea nas súas cabezas, dun tempo moi tranquilo e elegante do vello Hollywood e non saben que o uso de drogas era masivo, que as festas eran totalmente tolas e que a forma de vida era delirante. Tampouco teñen idea dos danos colaterais desa forma de vida, nin de que houbo moitas mortes e unha boa cantidade de suicidios, ou que abundaban as vidas que se arruinaban e destruían. Era un estilo de vida onde todo se facía ao máximo e sen medir as consecuencias, que en certo modo parece un estilo moito máis moderno que o que se adoita asociar coa década dos vinte.

Que estereotipos dos anos vinte e trinta intentou evitar? Calquera época é moito máis complicada que o que poden representar un peiteado, vestido ou estilo de roupa. É unha parvada pensar que todas as mulleres levaban o cabelo curto e as cellas moi finas ou que todo o mundo bailaba charleston. Foi unha época moito máis complexa, rica, variada, turbulenta e diversa. Por iso tomei unha decisión moi consciente xunto a deseñadora de vestiario, Mary Zophres, e a directora de arte, Florencia Martin, de que tiñamos que evitar deliberadamente eses clixés. E trasladámolo a todo o equipo de casting e ao elenco. Interesábanos que houbese moitas mulleres con cabelos longos e mostrar unha gran variedade de vestiario. Atopar cousas que fosen auténticas pero que axudaran a modificar as expectativas: cada imaxe, cada traxe, cada peiteado, cada momento, tiña que ser real pero tamén unha sorpresa.

Un século despois dos tolos anos vinte, o Hollywood de hoxe segue tendo algo en común? Eu penso que si. Teñen moito máis en común que o que poderíamos imaxinar. Como a idea básica da xente que teñen o gran soño que lles fai ir alí para intentar sorte. A xente séguese sentindo atraída por Hollywood como os carunchos polo lume e todo o que xurde desa loucura chámalles a atención. E tamén todo o que pode chegar a provocar, o dano colateral, os soños rotos, os corazóns esnaquizados que pode xerar o feito de intentalo.

Eu creo que a maquinaria de Hollywood segue existindo. É unha das máis desapiadadas e voraces que existiron xamais. Trágase a xente sen ningunha pena, mastíga e cúspea. Hai unha brutalidade inexorable e violenta en Hollywood que existía na década dos vinte e segue existindo hoxe. Tal vez nestes tempos que corren todo estea un pouco máis hixienizado. As cousas están máis organizadas e por iso non se ven tanto as navallas. Non está todo tan exposto como entón porque agora Hollywood é unha cidade empresarial, unha industria. Aprendeu a esconder as cousas cunha certa dose de decoro que non existía non seus principios. Pero a esencia segue sendo a mesma.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

La la land,
Damien Chazelle.
Universal Pictures [DVD]

Whiplash
Damien Chazelle.
Sony [DVD]